

CONVENIO DE COLABORACION ENTRE A FUNDACION CIDADE DA CULTURA DE GALICIA E ESCUELA DE ESCRITORES S.L. PARA A REALIZACIÓN DE DIVERSA FORMACIÓN NA CIDADE DA CULTURA DE GALICIA

En Santiago de Compostela, na data de sinatura dixital

REUNIDOS

Dunha parte, Ana Isabel Vázquez Reboredo, en calidade de Directora xerente da **Fundación Cidade da Cultura de Galicia** (en diante Fundación Cidade da Cultura de Galicia ou Fundación), con domicilio social na Cidade da Cultura de Galicia situada en Santiago de Compostela, Monte Gaiás s/n, código postal 15707 e provista de Número de Identificación Fiscal G15721640, cargo para o que foi nomeada o día 16 de decembro de 2016, actuando no exercicio do seu cargo en función das atribucións que lle confire o Padroado da dita Fundación.

Doutra, Francisco Javier Sagarna Comenge na súa calidade de administrador único da **Escuela de Escritores S.L.** (en diante a ESCOLA), con CIF B84364181 e domicilio social en Calle Covarrubias 1, baixo dereita, 28010 de Madrid, no exercicio das facultades e demais funcións que lle foron conferidas por razón do seu cargo.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que para convir no nome das entidades que representan teñen conferidas e

EXPOÑEN

Primeiro.- Que a **Fundación Cidade da Cultura de Galicia** foi constituída como organización de natureza fundacional, de interese galego, sen ánimo de lucro, cun patrimonio afecto de maneira duradeira á realización dos fins de interese xeral propios da Institución.

Mediante a Orde da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública do 11 de xaneiro de 2000, (DOG núm. 11 do 18 de xaneiro), clasificouse a Fundación Cidade da Cultura de Galicia como cultural e adscribiuse á Consellería de Cultura. Por Orde da Consellería de Cultura do 19 de xaneiro de 2000 (DOG núm. 26 do 8 de febreiro) declarouse de interese galego e inscribiuse no rexistro de fundacións desta consellería co número 2000/1.

Esta Fundación Cidade da Cultura de Galicia forma parte do sector público da Comunidade Autónoma de Galicia. Na actualidade está adscrita á Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude que exerce o seu protectorado e cuxo conselleiro ostenta a presidencia do Padroado, órgano reitor máximo da Fundación.



Segundo.- Que a Fundación Cidade da Cultura de Galicia ostenta a titularidade da "Cidade da Cultura de Galicia", un innovador e vangardista complexo construtivo, de singular valor arquitectónico e cultural, deseñado por Peter Eisenman, situado no monte Gaiás en Santiago de Compostela. A Cidade da Cultura de Galicia inclúe diversas edificacións, infraestruturas, viais e zonas verdes, representando en conxunto un proxecto estratéxico de gran importancia dentro da vida cultural da Comunidade Autónoma de Galicia.

Segundo o artigo 6 dos estatutos da Fundación Cidade da Cultura de Galicia constitúe o seu obxecto social *"a creación, explotación e promoción de áreas ou centros de conservación, produción, exhibición e consumo cultural, comunicativo e tecnolóxico, que constitúa un espazo multifuncional, multidisciplinar e aglutinador, propicio á interacción cultural"*.

Para a consecución do obxecto mencionado no punto anterior, e consonte ao previsto no artigo 7 dos seus Estatutos, a Fundación pode realizar as seguintes actividades:

- "a) As necesarias para converterse nun **actor clave na difusión cultural**, que serva de punto de encontro entre os cidadáns e a cultura.*
- b) As que contribúan a desempeñar un **papel destacado no proceso de enriquecemento/aprendizaxe cultural da cidadanía**, con especial énfase na adopción e uso das novas tecnoloxías.*
- c) As tendentes a propiciar o achegamento da Cidade da Cultura de Galicia dun xeito físico á cidadanía, servindo como espazo de desenvolvemento de actividades non estritamente culturais, con especial énfase no lecer, o contacto coa natureza e o deporte.*
- d) Cantas dinamicen o sistema cultural galego, promovendo a difusión e conservación da nosa cultura, e a formación dunha comunidade artística vibrante, atendendo tanto a autores de referencia como a novos talentos ou a cultura de base.*
- e) As que fomenten a interrelación e os proxectos en conxunto entre axentes de distintos ámbitos das industrias culturais e creativas, con especial énfase na cooperación interrexional e a colaboración pública e privada.*
- f) As axeitadas para posicionar o Gaiás como referente internacional de reflexión, debate e formación no ámbito da innovación na xestión cultural, que contribúa á profesionalización dos diferentes axentes e das súas iniciativas.*
- g) As que impulsen o **Emprendemento empresarial no ámbito das industrias culturais e creativas**, con especial énfase en proxectos que favorezan a innovación, tanto tecnolóxica como non tecnolóxica, e a súa transferencia aos sectores máis maduros do tecido produtivo, servindo como plataforma de desenvolvemento e promoción da marca país Galicia.*
- h) As actividades e accións que contribúan a converter á Cidade da Cultura de Galicia nun proxecto economicamente sostible e socialmente rendible, incorporando novos socios estratéxicos, tanto públicos como privados, e diversificando as fontes de financiamento para acadar a sustentabilidade do proxecto con independencia do ciclo económico."*



Neste sentido, no seu plan de actividades, se indica como pilar estratéxico da actividades do Gaiás, o "*Fomento da colaboración con proxectos comúns con entidades presentes na Cidade da Cultura: Aproveitar a oportunidade única que se dá no Gaiás, coa presenza de entidades e institucións vinculadas á promoción das Industrias Culturais, ao emprendemento creativo, ao desenvolvemento tecnolóxico e a innovación, á investigación e a educación para elaborar proxectos conxuntos, a través da hibridación de estratexias e eixes de actuación comúns. Unha fortaleza única na Cidade da Cultura, que non se dá noutros centros de referencia e ten a potencialidade para converterse en elemento de identidade diferencial.*"

Así pois, a Fundación leva a cabo todo tipo de accións de fomento e promoción do emprendemento cultural en toda a súa extensión e en todas as súas disciplinas, incluída a promoción económica e o impulso do emprendemento empresarial e tecnolóxico.

Dentro do II Plan estratéxico da Cidade da Cultura de Galicia recóllese a acción 1.4.4. Amplificación das residencias artísticas do Gaiás e outros, que xurdiu ante a necesidade de manter unha liña de programación e contidos primordial nos vindeiros exercicios, para atender as necesidades do tecido artístico galego nas disciplinas máis diversas, poñendo énfase no proceso de creación in situ de principio a fin: idea, concepto, residencia, produción e exhibición. Dentro dos obxectivos desta acción atópanse:

- Consolidar o programa Rega con plans de acción estendidos.
- Diseñar novos formatos de residencias, atendendo a unha aproximación completa de todas as fases do proceso creativo.
- Afondar no percorrido de programas como EAN, para que teñan unha continuidade en forma de residencias máis aló das propias xornadas de celebración deste.
- Facer partícipes das residencias non só os artistas senón tamén os programadores, xestores e demais axentes do sector cultural.

O Gaiás está intimamente ligado ao fomento do emprendemento en toda a súa extensión, programando actividades formativas e de asesoramento que redunden nas empresas emprendedoras, con especial énfase en proxectos que favorezan o crecemento económico e a creación de emprego, actuando como elementos vehiculares na transmisión da identidade cultural, aspecto este esencial na difusión e promoción da diversidade cultural e a súa transferencia aos sectores máis maduros do tecido.

Neste contexto nace REGA-Residencias artísticas do Gaiás pola que a Cidade da Cultura de Galicia pon á disposición espazos, recursos e equipamentos técnicos ao servizo de creadores e creadoras de dentro e fóra da nosa comunidade que acudirán ao Gaiás para desenvolver os seus proxectos culturais vencellados coa música, coa escena, coa danza, coas artes visuais, dixitais, performativas e audiovisuais e coa literatura, grazas á colaboración con institucións e colectivos culturais para consolidar o Gaiás como viveiro cultural creativo.



Dentro do proxecto REGA englobase á Residencia literaria da Cidade da Cultura que nos meses de verán, permite ao redor de dez escritoras e escritores emerxentes en lingua galega compartir un espazo de traballo no Gaiás no que poñer en común inquiredanzas e coñecementos para mellorar os seus proxectos inéditos de poesía, teatro, novela e contos.

Terceiro.- Que a **Escuela de Escritores S.L.** (a ESCOLA), dende o ano 2003, é un espazo de encontro e aprendizaxe dos escritores hispanohablantes do mundo enteiro, un lugar onde crecer coa seguridade de recibir sempre o apoio e a orientación dos mellores profesores. Cunha metodoloxía perfectamente estruturada en cursos deseñados para que, a través da escritura, a lectura e o comentario de textos, a persoa asistente adquira as técnicas e recursos do oficio, con materiais teóricos de primeira calidade e un equipo de profesores especializados no ensino da escritura creativa.

En 2009 poñen en marcha o proxecto do Máster de Narrativa, que integra todos os saberes que debe ter un escritor vertebrados sobre tres piares básicos: a técnica, a creatividade e a sensibilidade.

Na actualidade levan tamén ao cabo ou Máster de Poesía e ou Máster Internacional de Escritura Creativa, que se organiza en común coa Universidade das Artes dous Países Baixos (ArtEZ) e a italiana Scuola Holden.

Cuarto.- Que a ESCOLA quere estender esa formación e programar unha nova formación, o curso superior de narrativa en Galicia, creando unha serie de programas de escritura creativa, dirixidos a aqueles alumnos que busquen un ensino presencial completo e de calidade.

O curso superior de narrativa pretende afondar nun programa de ensino máis especializado e que permita facer chegar a Galicia un programa que non existe no país e ao que non é posible acceder de xeito presencial.

Trátase de crear cursos que unen a escritura coa lectura crítica, así como con outras disciplinas como a creatividade ou o estudo dos xéneros literarios. De forma complementaria, estes programas terán tamén unha serie de seminarios e encontros con autores, editores, etc. Nalgúns casos, os cursos poden estar enfocados á realización dun proxecto, pero só cando se pense que os alumnos potenciais terán capacidade para sacalo adiante. Nestes casos pode valorarse a incorporación de sesións de tutoría ao programa, talvez en lugar dos seminarios.

Quinto.- Que a realización na Cidade da Cultura de Galicia de cursos organizados pola ESCOLA atraerá a un target moi amplo e variado interesado na materia, convertendo ao complexo do Gaiás, nun polo de difusión da cultura galega e prestixioso escaparate para a promoción do patrimonio cultural e artístico galego no exterior, e polo tanto, para a proxección internacional de Santiago de Compostela e de Galicia.

Doutra banda, reforzará a programación das REGA-Residencias artísticas do Gaiás, en concreto, a Residencia literaria, que facilita ás autoras e autores noveis a disección do



proxecto literario propio, ao tempo que lles invita a aprender da análise dos traballos das compañeiras e compañeiros. E moito máis ca iso: tamén da análise de lecturas relacionadas coa súa escrita, de charlas e intercambios con outras disciplinas artísticas e con escritoras e escritores que están a triunfar hoxe en día. Non menos importante, a Residencia literaria axudará ao crecemento persoal compartindo tempo e espazo con persoas moi diferentes cunha paixón en común: a literatura.

O resultado do convenio, favorecerá ás persoas que participen na dita residencia literaria, por canto, unha das persoas seleccionadas poderán desfrutar dunha bolsa para acceder ao curso superior de narrativa en Galicia e aproveitar esta formación para, de se-lo caso, emprender un proxecto profesional.

Sexto.- Que polo anteriormente exposto, a Fundación e a ESCOLA están interesados na colaboración mutua para que a realización da actividade formativa "curso superior de narrativa en Galicia" se realice na Cidade da Cultura de Galicia, polo que as partes acordan a sinatura do presente convenio, consonte coas seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

É obxecto do presente convenio, a colaboración entre ambas partes, para a promoción do emprendemento galego no ámbito da cultura, para o cal a Fundación cederá determinados espazos á ESCOLA para a realización do "curso superior de narrativa en Galicia".

Para a realización destas actividades, a Fundación cederá, temporalmente e a título gratuito, espazos adecuados para elo. As ditas actividades serán organizadas e realizadas pola ESCOLA, sen custe para a Fundación.

Segunda.- Obrigas da Fundación Cidade da Cultura de Galicia.

En virtude do presente convenio, a Fundación se obriga:

- a) Á cesión temporal a título *gratuito* á ESCOLA do Espazo OFF, con equipamento propio dunha aula para 25-27 persoas (mesas, cadeiras, proxector, ..., etc). A cesión, non exclusiva, realizarase dende outubro de 2026 a xuño de 2027 (unha xornada á semana, ademais dun sábado ao mes, ao longo dos 9 meses lectivos habituais). Este espazo multifuncional será de uso compartido, polo que a ESCOLA garante que, tras a utilización da mesma, a sala quedará recollida e en condicións de ser empregada por outros usuarios, sen prexuízo do servizo de limpeza ordinaria da dita sala que leve a cabo a Fundación.
- b) Ao mantemento das instalacións cedidas. Non obstante o anterior, non será obxecto de mantemento por parte da Fundación, o equipamento propio da ESCOLA, a cal será responsable do mesmo.



- c) A contar cun seguro que cubra de forma suficiente a totalidade dos inmobles e instalacións fixas da CDC.
- d) Á promoción da imaxe exterior e dos valores arquitectónicos da Cidade da Cultura de Galicia, así como a xestión dos dereitos de imaxe e marca.
- e) A velar pola consecución e mantemento dunha imaxe institucional corporativa común e de calidade para todos os centros ou entidades que desenvolvan as súas actividades no recinto da Cidade da Cultura de Galicia.
- f) Ao coñecemento e a coordinación das actividades que, aínda que xestionadas por ESCOLA, se desenvolvan nos espazos da Cidade da Cultura de Galicia, para facilitar a información e a atención aos visitantes.
- g) Á autorización da sinalética no edificio onde se realizará os cursos formativos, así como no exterior, dentro do complexo da Cidade da Cultura de Galicia, para informar da/s ubicación/s onde se celebren os eventos de grande formato.

Non se inclúe nas obrigas da Fundación, a posta a disposición de persoal técnico ou de mantemento a favor da ESCOLA; esta última disporá do seu propio persoal para levar a cabo as actividades que lle son propias.

Terceira.- Obrigas da Escuela de Escritores

En virtude do presente convenio, a ESCOLA se obriga:

- a) Conceder unha bolsa á unha das persoas participantes na Residencia Literaria REGA da Cidade da Cultura de Galicia, para a súa participación no Curso Superior de Narrativa, entendendo que esa colaboración suporía un pulo para ambas actividades.
- b) A realizar as actividades que lle son propias baixo a súa responsabilidade, segundo o establecido na lexislación vixente e de acordo coas boas prácticas e normas técnicas. En canto organizador da formación, será o encargado exclusivo da súa organización, así como da presentación das comunicacións e/ou obtención das oportunas autorizacións e licenzas ante os organismos competentes de acordo coa normativa reguladora na materia. Con carácter previo ao evento, deberá presentar documentación xustificativa das xestións realizadas e das autorizacións, no seu caso, obtidas, a tal efecto.
- c) A garantir o uso pacífico dos espazos cedidos a título gratuíto, sen prexuízo de terceiros usuarios dos espazos. A ESCOLA se compromete expresamente neste acto a utilizar a Sala Off unicamente para formación teórica, e garante a ausencia de molestias e ruídos que alteren o normal funcionamento destas instalacións.
- d) A comunicar con suficiente antelación á Fundación Cidade da Cultura de Galicia o calendario e programación da formación e informar puntualmente



dos cambios no programa, especialmente os que impliquen prolongar o horario de apertura do/s edificio/s onde se desenvolva a/s actividade/s.

- e) A seguir as directrices da Fundación Cidade da Cultura de Galicia con respecto á imaxe institucional corporativa da Cidade da Cultura de Galicia para mantemento dunha unidade formal neste campo coa Fundación Cidade da Cultura de Galicia.
 - f) A coordinar a comunicación da formación coa Fundación a través do seu Departamento de Marketing e Comunicación.
 - g) A limitar as actividades que afecten ás áreas e instalacións comúns dentro do complexo da Cidade da Cultura de Galicia, á programación comunicada previamente á Fundación.
 - h) Á conservación e seguridade dos bens materiais e inmateriais que custodie, nos aspectos non previstos no contrato de seguro subscrito pola Fundación Cidade da Cultura de Galicia. Para elo, a ESCOLA deberá ter subscrita unha póliza de seguro que cubra de forma suficiente os riscos sobre mobiliario, efectos e equipamento de calquera tipo, incluído o informático, do que sexa propietaria ou sobre os que teña a responsabilidade de mantemento e coidado, que se encontren dentro das dependencias nas que se realizarán as actividades asociadas ao evento na Cidade da Cultura de Galicia.
- A Fundación Cidade da Cultura non se fará responsable do roubo, perda ou deterioro de maquinaria, ferramentas, equipamento, instalacións ou de calquera outro elemento, que se encontren situados dentro do espazo cedido, sexa cal fora a causa que o produza dende o momento de vixencia do presente convenio.
- i) A velar pola boa orde no recinto dos espazos e instalacións e adoptar as medidas precisas para asegurar a hixiene dos espazos e instalacións cedidos.
 - j) A xestionar e coordinar ao persoal (incluído o persoal que deba encargarse da recepción, almacenaxe e vixilancia do material almacenado) contratado por ESCOLA ou por terceiros por el contratados, o cal dependerá exclusivamente da mesma e terá todos os dereitos e deberes inherentes á súa condición de empregador, sendo a Fundación do todo allea as devanditas relacións laborais. Incumbe especificamente ao empregador o cumprimento das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social, e de seguridade e saúde no traballo.
 - k) A identificar persoas, empresas e vehículos aos sos efectos de emisión de autorización de acceso ás instalacións da Cidade da Cultura de Galicia. Igualmente dotará ao persoal propio ou alleo dos medios de identificación e acreditación necesarios para facilitar a vixilancia e seguridade do complexo da Cidade da Cultura de Galicia.



- l) Subministrar aos participantes os materiais derivados da propia actividade, tales como material do curso, material de oficina e material en xeral.
- m) Velar por un uso racional do/s edificio/s e das súas instalacións con criterios de eficiencia económica e respecto ao medio ambiente, respectando as instrucións que se diten ao efecto.
- n) Non ceder a terceiros ningún tipo de dereito de uso de instalacións ou imaxe corporativa, incluídos os dereito de imaxe do complexo, sen autorización expresa da Fundación.
- o) Xestionar e coordinar as medidas de prevención de riscos laborais segundo a normativa vixente, incluída, de ser o caso, a coordinación de actividades empresariais prevista no Real Decreto 171/2004, do 30 de xaneiro, polo que se desenvolve o artigo 24 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais.
- p) Elaborar un Plan de Autoprotección Complementario relativo ás actividades que o precisen, segundo o disposto na cláusula novena deste convenio.
- h) Deseño, previa autorización Fundación, da sinalética no edificio onde se realizará os cursos formativos, así como no exterior, dentro do complexo da Cidade da Cultura de Galicia, para informar da/s ubicación/s onde se celebren os eventos.

Cuarta.- Obrigas comúns.

A ESCOLA e a Fundación Cidade da Cultura de Galicia obríganse:

- a) A velar polo cumprimento das obrigas que resulten deste convenio, poñendo en funcionamento os mecanismos de control que permitan avaliar o seu cumprimento.
- b) A desenvolver, a través dos instrumentos máis adecuados, un ámbito de coordinación horizontal.

Quinta.- Financiamento

Ambas partes financiarán os gastos derivados das obrigas que asumen con cargo aos seus orzamentos.

Serán por conta da ESCOLA ademais dos gastos de persoal, profesorado e alumnado dependente da ESCOLA, calquera que sexa o vínculo xurídico-laboral, o financiamento dos custos da súa actividade propia, tales como materiais formativos, materiais de oficina, material informático e de telecomunicacións e material en xeral, os de comunicacións (postais ou telefónicas), os custos directos da actividade propia da ESCOLA. Así mesmo serán por conta da ESCOLA a xestión da matrícula dos cursos, os



ingresos xerados por estes así como os gastos e ingresos relacionados co desenvolvemento do curso no Gaiás.

Serán por conta da Fundación Cidade da Cultura de Galicia os custos ordinarios correspondentes á seguridade, limpeza, mantemento das instalacións, subministracións de enerxía, auga, seguros (excepto o de responsabilidade patrimonial ou o relativo aos bens propios ou en depósito custodiados pola ESCOLA) e os impostos que afecten ao inmovible.

Sexta.- Modificacións ou obras nas instalacións.

Salvo que a Fundación Cidade da Cultura de Galicia o autorice previamente, por escrito, non se permitirán obras ou modificacións das instalacións cedidas temporalmente á ESCOLA.

Non se permite a colocación de elementos que modifiquen a uniformidade ou estética dos espazos cedidos e a ESCOLA será o único responsable de cantos danos físicos ou materiais se ocasionen ás instalacións ou a terceiros, como consecuencia directa ou indirecta da súa actividade, eximindo de toda responsabilidade a Fundación Cidade da Cultura de Galicia.

Sétima.- Limpeza

A Fundación conta cun servizo de limpeza ordinario para todo o recinto da Cidade da Cultura de Galicia; non obstante, mentres estea vixente o presente convenio, a limpeza extraordinaria das instalacións, mobiliario e espazos obxecto de cesión segundo figura no obxecto do convenio, corresponden na súa totalidade a ESCOLA, quen asume a responsabilidade de contar, en todo momento, cos recursos materiais e humanos que aseguren que antes, durante e despois dos días de utilización, que o recinto afectado pola cesión quede en perfecto estado.

Unha vez realizada cada unha das actividades previstas nas cláusulas anteriores, a ESCOLA deberá deixar os espazos e instalacións cedidos totalmente limpos de residuos; no caso de que a ESCOLA acumule entullos ou refugallo, procederá á súa recollida conforme as condicións orixinais dos espazos e instalacións obxecto de cesión, sen prexuízo de que de non producirse tal recollida, se facture á ESCOLA este servizo en partida independente, segundo tarificación ordinaria.

Oitava.- Seguridade e control de acceso ao espazo.

A Fundación conta cun servizo de seguridade ordinario para todo o recinto da Cidade da Cultura de Galicia, que continuará prestándose durante o período no que se ceden os espazos e instalacións.

O exercicio do dereito de admisión, ás instalacións e espazos cedidos, corresponderá a ESCOLA, se ben, no caso de non permitir a entrada de calquera persoa á zona cedida, de xeito debidamente xustificado, a ESCOLA poderá contar coa colaboración do



persoal de seguridade de Fundación, co fin de asegurar o abandono das instalacións das persoas non admitidas.

A ESCOLA é responsable do trato que, o persoal ao seu cargo, dispense ao público asistente.

Novena.- Plan de Actuación ante Emerxencias

No caso de que a actividade se atope, por razón de aforo, incluída dentro do Anexo I do Decreto 172/2022, de 6 de outubro, da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, polo que se aproba o catálogo de actividades que deben adoptar medidas de autoprotección, e polo que se fixa o contido das medidas, a entidade organizadora elaborará o pertinente Plan de Autoprotección para o evento e o porá en coñecemento da Fundación Cidade da Cultura de Galicia con antelación suficiente á súa celebración.

Décima.- Mantemento

Durante a utilización das instalacións e dos espazos cedidos, a ESCOLA será responsable da conservación e mantemento das zonas afectadas pola cesión asumindo o compromiso de mantelas en perfecto estado en todo momento.

Se ao final do período de utilización das instalacións e dos espazos cedidos se tivese deteriorado algunha instalación ou espazo, a ESCOLA comprométese a repoñelas á súa costa ao seu estado orixinal.

En todo caso, na data de sinatura do presente documento, a ESCOLA deberá acreditar a constitución dunha póliza de seguros de responsabilidade civil, para responder dos danos persoais e materiais derivados da utilización dos espazos e instalacións cedidos e das actividades organizadas pola ESCOLA. A acreditación realizarase mediante a presentación da copia da póliza e xustificante do pago da prima de contratación do seguro.

Décimo primeira.- Condicións de utilización das instalacións i espazos cedidos.

En ningún caso a utilización pola ESCOLA das instalacións ou espazos obxecto deste convenio poderá alterar o normal funcionamento de servizos e actividades da Fundación e da Cidade da Cultura de Galicia, nin poderá afectar a salas de exhibición temporal de fondos daquela cando nestas se estean a celebrar exposicións.

A Fundación establece os seguintes requisitos necesarios para formalizar a cesión das instalacións e espazos solicitados, que deberán ser aceptados pola ESCOLA:

- A ESCOLA deberá respectar os horarios de apertura e peche das instalacións establecidos pola Fundación; en todo caso o acceso a zonas comúns e de traballo estarán dispoñibles os días hábiles que anualmente determina o calendario laboral local.



- Tras a finalización da vixencia do convenio, a ESCOLA deixará os espazos nas mesmas condicións nas que se encontraban no momento da súa ocupación polo Cesionario.
- Cumpriranse todas as normas establecidas pola Fundación para a seguridade e, no seu caso, a conservación, cuxo incumprimento supón a resolución do convenio.

Décimo segunda.- Difusión de imaxes da Cidade da Cultura de Galicia.

A reprodución, difusión e comunicación das imaxes, sons, ou documentación por parte da ESCOLA, en canto inclúa referencias ou imaxes, externas ou internas das instalacións, espazos ou zonas correspondentes á Fundación en calquera medio de difusión impreso, audiovisual, Internet, ou en calquera soporte, físico ou virtual, requirirá a aprobación expresa e por escrito da Fundación.

Décimo terceira.- Cesión e subcontratación

En ningún caso se admite a cesión ou subcontratación dos espazos ou instalacións obxecto do presente convenio.

Décimo cuarta.- Comisión de Seguimento

Constituirase unha Comisión de Seguimento para facilitar o seguimento e cumprimento do convenio. A Comisión de Seguimento estará formada por dous representantes de cada parte e actuará como órgano de vixilancia, seguimento e control do establecido neste convenio.

Actuará de Presidente da Comisión de Seguimento a Directora Xerente da Fundación ou persoa na que delegue. Os acordos serán adoptados por maioría simple. O Presidente da Comisión de Seguimento ostentará a facultade de voto dirimente en caso de empate, a efectos da adopción de acordos.

A Comisión reunirse tantas veces estime necesario á convocatoria de calquera das partes, estando condicionada a periodicidade das súas reunións polos asuntos para tratar.

Décimo quinta.- Vixencia.

A vixencia do presente convenio se circunscribe á duración dun curso lectivo (de outubro a xuño) a contar dende a sinatura do convenio, prorrogable automaticamente por outros tres cursos lectivos (outubro a xuño), ata un máximo de catro cursos lectivos, salvo que algunha das partes solicite expresamente a resolución do presente convenio con dous meses de antelación ao inicio de cada novo curso escolar. Chegada a data máxima de vixencia indicada, a vixencia do convenio extinguirase.

O convenio conservará a súa vixencia no caso de que varíen a denominación, razón social ou natureza xurídica de calquera das entidades que asinan o convenio, sempre



que as sucedan outras entidades que asuman as competencias sobre os espazos e as materias obxecto deste convenio.

A expiración do convenio polo transcurso do tempo pactado non outorga dereito a reclamar indemnizacións.

As condicións da montaxe e instalación e traslado de persoal e materiais á Cidade da Cultura deberá autorizalo a Fundación de xeito expreso, polo que a empresa deberá presentar un proxecto escrito coas necesidades de instalacións que precise.

Décimo sexta.- Causas de Resolución.

Serán causas de resolución do presente convenio:

1. O acordo mutuo entre as partes.
2. A falsidade ou inexactitude dos datos e circunstancias subministrados á Fundación.
3. A deficiencia no uso das instalacións e espazos cedidos.
4. A cesión ou subcontratación das instalacións ou espazos cedidos.
5. O comportamento irregular do persoal de ESCOLA.
6. As disposicións normativas ou, de ser o caso, acordos polas que extingan as partes ou se dispoñan outros usos para a Cidade da Cultura de Galicia.
7. O incumprimento sistemático e continuado das cláusulas contidas nel e dalgunha das demais obrigas contidas na normativa civil aplicable.
8. A denegación das autorizacións e licenzas que procedan, así como os demais incumprimentos da normativa reguladora en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas.

A resolución por incumprimento de ESCOLA extingue o dereito deste a reclamar indemnización algunha por ningún concepto.

A sinatura deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre a Fundación Cidade da Cultura e os profesionais que vaian desenvolver as actividades previstas no convenio ou terceiros que colaboren na realización do evento ben coa prestacións de servizos persoais e/ou profesionais, ou ben coa entrega de bens e subministracións a ESCOLA, de tal xeito, que non se lle poderá esixir á Fundación Cidade da Cultura de Galicia, responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento deste acordo.

Décimo sétima.- Protección de datos de carácter persoal

1. Tratamento de datos persoais das partes intervinientes no convenio

As partes intervinientes manifestan ter sido informadas, respecto dos seus propios datos persoais que se faciliten para a formalización e o adecuado desenvolvemento deste convenio, conforme ao disposto no artigo 13 do Regulamento 2016/679 (UE) xeral de protección de datos persoais (en diante, RPD) e na Lei orgánica 3/2018, do 5



de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais. A lexitimación para o tratamento dos datos, será a execución do presente convenio.

No caso de que, no ámbito deste convenio, os intervenientes se facilitasen respectivamente datos persoais de terceiros, incluídos os relativos ao persoal ao seu servizo, estes serán tratados para o cumprimento dunha misión de interese público ou o exercicio de poderes públicos, debendo informar previamente á súa comunicación aos interesados dos extremos previstos no devandito artigo 13.

2. Deber de confidencialidade das partes intervenientes no convenio

As partes intervenientes deberán respectar o segredo profesional e, en consecuencia, manter absoluta confidencialidade e reserva sobre a totalidade dos documentos e informacións que lle foran confiados para a formalización do convenio ou que sexan elaborados con ocasión da execución do mesmo. Así, quedan expresamente obrigadas:

- a utilizar a devandita información exclusivamente no ámbito deste convenio e para as finalidades previstas no mesmo;
- a non comunicala, nin total nin parcialmente, a ningún terceiro sen autorización expresa do emisor salvo nos casos expresamente previstos na lei, esixindo idéntico compromiso ao persoal que empregue ou co que colabore na execución do convenio;
- a facilitar o acceso á información unicamente ao persoal que a necesite para o desenvolvemento da devandita relación, a quen se comunicará a obriga de tratar a información á que se lles dá acceso con carácter estritamente confidencial;
- a aplicar medidas de cautela e protección e destruír en calquera momento a documentación escrita recibida se así o solicita a parte que a forneceu;

Considerarase información confidencial aquela á que os intervenientes accedan en virtude do presente convenio, especialmente a de tipo técnico ou tecnolóxico, de produción, de mercadotecnia, administrativa, ou económico-financeira, sempre que non teña carácter público ou notorio.

Décimo oitava.- Natureza xurídica do convenio

O presente convenio ten natureza patrimonial, e se atopa excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2017/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

O convenio rexerá polas súas propias cláusulas e a interpretación que das mesmas realice a Comisión de Seguimento, así como pola normativa xeral que resulte aplicable.

As partes se comprometen a resolver de común acordo calquera controversia que puidera suscitarse sobre a interpretación ou execución deste convenio.



Décimo novena.- Publicidade

Este convenio será obxecto de inscrición en cumprimento do establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

As partes asinantes autorizan/consenten a publicidade dos seus datos relevantes e persoais e demais especificacións recollidas no presente acordo de colaboración no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Administración autonómica publicará o texto íntegro do acordo.

O que en proba de conformidade asinan por duplicado no lugar e data indicados no encabezamento.

Pola Fundación Cidade da Cultura

Ana Isabel Vázquez Reboredo
Directora xerente

Pola ESCOLA

Francisco Javier Sagarna Comenge
Administrador único

